

O TOLO DO RÍO DOS GAFOS

Atopeino un día no abrente do verán paseando por Campolongo. Un vello apoiado nun caxato con balouco de carballo falando só. Sentou ao meu carón nun banco de pedra e continuou falando sen ollar para min.

Debaixo de onde nós atopabamos pasa un río, o da miña infancia, e, se pecho os ollos aínda podo escoitar o seu queixume, por estar agochado sen que os raios de sol alumeen o seu lombo, e o murmurio do seu paso camiño do seu fiaxe final nas corbaceiras..., deixando un rastro de fartura entre maízos de terra labrada e millo corvo...

E máis adiante, no lavadoiro, as mulleres cargadas coas olas de cinc deixaban a roupa limpa co arrecendo do xabón Lagarto, e as hortas de herba semellaban campos de neve coas sabas de lenzo branco. No florecer de cada primavera era a nosa despensa e no tempo dos maios, cando chirlo das andoriñas, alí collíamos o fiúncho, as flores, os paos do bidueiro, e tamén a leña das árbores para a fogueira de San Xoán. E nos días de calor, no verán, os baños na Tablada, e as muiñadas no muíño de Peilán. E cando maduraban os días de outono e caían os verdes de outrora follas de cálices, era o tempo dos cogumelos.... De súpeto o vello ergueuse e marchou falando só.

Fai uns días lin nun xornal que ingresaran nun psiquiátrico a un vello que cun pico estaba a desfacer o paseo que tapa o río. Din que o homo, fora de si, berraba que quería liberar o río dos Gafos, o río da súa Pontevedra, e pedía axuda a tódolos veciños.

A min non me parece ningún tolo.

Antón Roel Villanueva

"Adicado a os amigos de Vaipolorío, que andan na teima de destapar o río dos Gafos ao seu paso por Pontevedra"